



SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ MANCOMUNIDADE DE ORDES.

MEMORIA 2022

1. ANTECEDENTES

O Servizo de Atención Temperá da Mancomunidad de Ordes, situado no concello de Ordes, funciona para toda a comarca dende setembro de 2008. Anteriormente (2006-2008), o Servizo de Atención Temperá funcionaba únicamente para un dos concellos da comarca de Ordes: o concello de Cereda. Dadas as necesidades dos demais concellos da comarca, apróbase o inicio dunha xestión compartida, co obxecto de aforrar custos e dotar a toda a poboación da comarca dun Servizo de Atención Temperá.

O obxectivo principal do servizo é atender ás necesidades de intervención de contido social que se detectan nas familias dos nenos e nenas da comarca de Ordes para complementar a atención sectorial que se presta dende os ámbitos sanitario e educativo, abordando a prevención en todos os seus grados , primaria , secundaria e terciaria. A existencia deste recurso de proximidade minimiza as dificultades de acceso á familia (conciliación familiar) e á integración do menor (contexto educativo e familiar, horarios, etc.); así como facilita a coordinación con outros recursos implicados no eido da primeira infancia.

É preciso destacar que, dende a súa creación, a demanda recibida no servizo sigue incrementándose, debido, en parte, as melloras nos sistemas e procedementos de detección e derivación.

O servizo ten como piares fundamentais os principios recollidos no “Libro Blanco de Atención Temprana” e segue as recomendacións técnicas e os estándares de calidade publicados polo Real Padroado de Discapacidade; así como o establecido no Decreto 183/2013 do 5 de decembro polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá e no Protocolo de Coordinación, intervención e derivación interdisciplinaria en atención temperá.



2. POBOACIÓN DESTINATARIA


Poboación infantil de 0 a 6 anos da comarca de Ordes con trastornos ou necesidades permanentes, trastornos ou necesidades transitorias e/ou en risco biolóxico ou social.

Familias e profesionais vinculados o eido da primeira infancia da comarca de Ordes.

3. OBXETIVOS XERAIS DO SAT

- 1 Ofrecer unha intervención especializada de cara o óptimo desenvolvemento dos nenos e nenas.
- 2 Actuar como medida de prevención da dependencia social e de promoción do benestar.
- 3 Promover a integración dos nenos e nenas con discapacidade ou desenvolvemento atípico no seu entorno próximo.
- 4 Dende o SAT trátase de acadar o obxectivos seguindo as recomendacións da Comisión Europea dende a cal se establece como obxectivos principais da Atención temperá mediante os seguintes tipos de actuacións; multidimensionais, centradas na familia e planificadas a través do PPI.

Dende o SAT trátase de acadar o obxectivos seguindo as recomendacións da Comisión Europea dende a cal se establece como obxectivos principais da Atención temperá mediante os seguintes tipos de actuacións:



4. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

4.1. Funcións

- Valoración e atención de situacíons de risco para o desenvolvemento do neno/a.
- Valoración para a intervención nas dificultades en distintas áreas do desenvolvemento: psicomotora, cognitiva, comunicativa e adaptativo-social.
- Tratamento individual e específico para cada neno/a, a súa familia e o seu entorno.
- Colaboración e asesoramento técnico coas entidades sanitarias, sociais e educativas para a integración do neno e para a prevención de situacíons de risco.
- Divulgar e informar en todos os ámbitos sanitarios, educativos e sociais sobre a importancia da detección, prevención e intervención precoz.
- Actuar como medida de protección da primeira infancia ao tempo que medida de contención dos sistemas familiares con menores en risco.

4.2. Prestacións

O servizo ofrece as prestacións establecidas no Decreto 149/2013 polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia:


- Diagnose e valoración dos trastornos do desenvolvemento
- Desenvolvemento psicomotor
- Desenvolvemento cognitivo
- Desenvolvemento da lingua e comunicación
- Desenvolvemento da autonomía
- Desenvolvemento da área social e afectiva
- Apoyo, información, habilitación e formación da familia.

No funcionamento do SAT as funcións e prestacións agrúpanse en bloques de accións que comprenden cinco eixos fundamentais:


- Intervención directa co/a menor.
- Intervención directa coa familia.
- Intervención indirecta: elaboración de informes, programas personalizados de intervención, orientacións escritas á familia.
- Coordinación interna e externa.
- Accións de intervención comunitaria.



No ano 2022 Realizáronse un total de 5331 accións que se distribúen da seguinte maneira:



O funcionamento semanal do servizo distribúe os seus tempos segundo o seguinte gráfico:



4.3 Horario de apertura do servizo

Dende o 01/01/2022 ata o 31/10/2022

De luns a xoves de 8:00h a 21:00h

Venres de 8:00 a 15:00

Dende o 01/11/2022 ata o 31/12/2022

Luns, mércores e xoves de 8:00h a 21:00h

Martes e venres de 8:00 a 15:00


5. PROFESIONAIS

Na actualidade o servizo conta cas seguintes profesionais:

- Unha Psicóloga especializada en Atención Temperá.
- Dúas Logopedas especializadas en Atención Temperá a tempo completo e unha a tempo parcial(28 horas) ata novembro do 2022 onde comezou a estar a tempo completo.
- Unha Psicopedagoga especializada en Atención Temperá.

6. METODOLOXÍA

Eixo individual: A metodoloxía da intervención individual establecese da seguinte maneira (segundo o establecido no Protocolo de Coordinación, derivación e intervención interdisciplinaria da Rede Galega de Atención Temprá):



Eixo comunitaria: A metodoloxía da intervención comunitario establecese da seguinte maneira:

- Elaboración dos materiais específicos: guías, artigos, presentación.
- Organizar e executar as actividades divulgativas/ comunitarias.

7. USUARIAS/OS ATENDIDOS

Porcentaxe de familias atendidas/ familias do concello con nenos ata 6 anos no ano 2022:

| CONCELLO | CASOS ATENDIDOS ANO 2022 | POBOACION INFANTIL 0-6 ANOS | % POBOACION 0-6 ANOS | ALTAS 2022 | ENTRADAS 2022 |
|----------------|--------------------------|-----------------------------|----------------------|------------|------------------------------------|
| CERCEDA | 28 | 232 | 12,07% | 9 | 8 (2 lista espera) |
| FRADES | 7 | 86 | 8,14% | 1 | 3 (2 lista espera) |
| MESÍA | 12 | 108 | 11,11% | 4 | 3 (1 lista espera) |
| ORDES | 105 | 698 | 15,04% | 25 | 37 (10 lista espera) |
| OROSO | 59 | 477 | 12,37% | 13 | 21 (6 lista espera) |
| TORDOIA | 14 | 98 | 14,29% | 2 | 1 |
| TRAZO | 21 | 129 | 16,28% | 7 | 9 (1 lista de espera) |
| TOTAL | 246 | 1828 | 13,46% | 61 | 82 (22 EN LISTA DE ESPERA) |

** As porcentaxes foron calculadas en base os datos de poboación publicados no IGE e consulta de datos de padróns municipais a data de 28/11/2022

O SAT atendeu no 2022 ó 13,46% das familias da comarca con nenos de ata 6 anos.

A 31/12/2022, figurán na lista de espera de acceso ao servizo, 22 menores.



Distribución por trastornos/ dificultades

